O Grupo Parlamentario Popular de Galicia, a través do seu Portavoz, e por iniciativa das deputadas e deputados, **Marta Novoa Iglesias, Moisés Blanco Paradelo, Moisés Rodríguez Pérez, Diego Calvo Pouso, Cristina Romero Fernández, Miguel Tellado Filgueira e Sandra Vázquez Domínguez**, ao abeiro do disposto nos artigos 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **Proposición non de Lei para o seu debate en Pleno**.

Exposición de motivos:

O Ministerio para a Transición Ecolóxica está a propoñer unha orde pola que se establecen os suplementos territoriais nas comunidades autónomas de Andalucía, Aragón, Asturias, Cantabria, Castela a Mancha, Castela e León, Cataluña, Extremadura, Galicia, A Rioxa, Madrid, Murcia, Navarra e Valenciana en relación coas peaxes de acceso de enerxía eléctrica correspondentes ao exercicio 2013.

A referida Orde xustifícase na vontade de dar cumprimento ás seguintes sentenzas:

Sentenza do 11 de xuño de 2014, pola que o Tribunal Supremo declarou a nulidade do artigo 9.1 da Orde IET/221/2013, do 14 de febreiro, na medida en que non incluía os suplementos territoriais aos que se refería o apartado cuarto do artigo 17 da Lei 54/1997, do 27 de novembro, do Sector Eléctrico, segundo a redacción dada polo artigo 38 do Real Decreto-lei 20/2012, indicando que o Ministro competente nesta materia debería proceder á súa inclusión nos termos que establece a Disposición adicional décimo quinta do citado Real Decreto-lei 20/2012, do 13 de xullo.

Sentenza do 22 de setembro de 2016, tamén do Tribunal Supremo, pero esta vez referida á Orde IET/1491/2013, do 1 de agosto, pola que se revisan as peaxes de acceso de enerxía eléctrica para a súa aplicación a partir de agosto de 2013 e pola que se revisan determinadas tarifas e curmáis das instalacións do réxime especial para o segundo trimestre de 2013. Nela declárase que o artigo 1 e o Anexo I da devandita Orde non son conformes ao ordenamento xurídico na medida en que non inclúen os suplementos territoriais aos que se refire o apartado cuarto do artigo 17 da Lei 54/1997, segundo a redacción dada polo artigo 38 do Real Decreto-lei 20/2012, debendo o Ministro proceder á súa inclusión nos termos que establece a Disposición adicional décimo quinta do Real Decreto-lei 20/2012.

É necesariamente destacable o feito de que en ningún caso as mencionadas sentenzas identifican os tributos que darían lugar aos suplementos territoriais.

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdeg Galicia.com



GRUPO PARLAMENTARIO
POPULAR DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/08/2018 11:33
Nº Rexistro: 34520
Data envío: 10/08/2018 11:33:07.875

Por iso, a Xunta de Galicia interpuxo un recurso contencioso administrativo contra a Orde ETU/66/2018, do 26 de xaneiro, pola que se fixan os tributos e recargas considerados a efectos dos suplementos territoriais e desenvólvese o mecanismo para obter a información necesaria para fixar os suplementos territoriais en relación coas peaxes de acceso correspondentes ao exercicio 2013. As diferentes taxas de contido ambiental que aplica a Administración galega non gravan as actividades ou instalacións destinadas a subministración eléctrica e, polo tanto, non se poden incluír nos suplementos territoriais para que sexan aboados polos consumidores galegos.

Neste contexto, a Xunta de Galicia ven de solicitar ao Ministerio para a Transición Ecolóxica que atenda as alegacións de Galicia sobre a Orde que establece os suplementos territoriais en relación coas peaxes de acceso do exercicio 2013, anunciado que en caso contrario, a Administración galega solicitará a suspensión cautelar mentres no se resolva o devandito recurso.

Por todo o anteriormente exposto, O Grupo Parlamentario Popular de Galicia, presenta a seguinte proposición non de lei en Pleno:

“O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a demandar ao Goberno do Estado :

Que exclúa a Galicia do Anexo da Orde que se atopa en tramitación respecto aos suplementos territoriais para o exercicio 2013, en tanto que os impostos medioambientais establecidos pola Administración autonómica non deben ser aboados polas persoas consumidoras galegas”.

Santiago de Compostela, 10 de agosto de 2018.

Asinado dixitalmente por:

Pedro Puy Fraga na data 10/08/2018 11:28:28

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdeg Galicia.com



GRUPO PARLAMENTARIO
POPULAR DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/08/2018 11:33
Nº Rexistro: 34520
Data envío: 10/08/2018 11:33:07.875

Marta Novoa Iglesias na data 10/08/2018 11:28:48

Moisés Blanco Paradelo na data 10/08/2018 11:29:08

Moisés Rodríguez Pérez na data 10/08/2018 11:29:16

Cristina Isabel Romero Fernández na data 10/08/2018 11:29:26

Miguel Ángel Tellado Filgueira na data 10/08/2018 11:29:42

Diego Calvo Pouso na data 10/08/2018 11:29:54

Sandra Vázquez Domínguez na data 10/08/2018 11:30:12

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

Reunión do Pleno do Parlamento
Día: 25.09.2018 Hora: 10:00
Orde do día

4.5 35858(10/PNP-002666)

Grupo Parlamentario de En Marea

Lago Peñas, José Manuel e 2 máis

Sobre a demanda polo Goberno galego ao Goberno central do establecemento dun mecanismo de revalorización das pensións que garanta, cando menos, o mantemento do seu poder adquisitivo

Publicación da iniciativa, 354, 12.09.2018



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/09/2018 13:31
Nº Rexistro: 35858
Data envío: 04/09/2018 13:31:19.207



Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentar de En Marea por iniciativa do seu deputado **Manuel Lago Peñas**, e das súas deputadas **Carmen Santos Queiruga e Paula Vázquez Verao**, ao abeiro do artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte *Proposición non de lei para o seu debate en Pleno*.

Exposición de motivos.

O sistema público de pensións é o elemento central da protección social no noso país polo número de persoas beneficiadas, polo importe dos recursos dos que dispón o sistema pero, sobre todo, porque as pensións son a renda case única das persoas que por razón de idade deixan de traballar.

Asegurar as pensións e a súa actualización anual é un compromiso ineludible coas persoas que logo dunha larga vida de traballo xeraron o dereito a unha pensión suficiente que lles permita vivir de forma independente cos seus propios recursos.

En agosto de 2018, en Galicia hai 674.290 persoas pensionistas, unha elevada cifra que equivale ao 25% da poboación total do noso país o que supón que un de cada catro persoas é pensionista.

Pensionistas que cobran de media tan só 810 euros mensuais, unha contía obviamente baixa pero que aínda así agocha detrás dese valor medio situacións de pobreza e exclusión que padecen miles e miles de pensionistas en Galicia. Porque no noso país o 58% das pensións están por debaixo do limiar da pobreza. O 28% das pensións é inferior aos 500 euros mes e outro 30% non chega aos 650 euros. Un dato amosa o enorme problema para moitas persoas, hai 200.000



pensionistas que cobran menos de 450 euros mensuais, unha cantidade tan baixa que condena á pobreza e á exclusión as persoas que as perciben

Pensións moi baixas, as segundas máis baixas do Estado, que condenan á precariedade e á dependencia das persoas maiores. Pensións baixas que ademais sufriron a perda de poder adquisitivo dende que a Lei 234/2013 cambiou o sistema de actualización anual eliminando a referencia ao IPC trocándoa polo denominado índice de revalorización.

Este índice, tal e como estaba definido na norma legal, condenaba á practica conxelación permanente das pensións converténdose nunha gravísima ameaza para o futuro das mesmas e o benestar das persoas pensionistas.

O 0,25% de variación anual das pensións para sempre derivado da definición do índice de revalorización constituía un mecanismo perverso con efectos demoledores sobre o poder adquisitivo das persoas pensionistas, que nun prazo de dúas décadas verían reducida a súa pensión nun 30% en termos reais: pasar de pensións baixas a pensións de miseria.

A enorme mobilización social, o rexeitamento maioritario da sociedade contra este empobrecemento das persoas maiores, obrigou ao Partido Popular a un cambio cosmético do índice de revalorización que agora, co seu desaloxo do goberno, deu un paso adiante con incrementos das pensións próximos ao IPC.

Pero o avanzado, con ser moito, non é suficiente nin está garantido para o futuro. Este é o momento de formalizar de forma decidida o compromiso coas persoas maiores, as pensionistas, porque é necesario e posible garantir que, cando menos, as pensións non perdan poder adquisitivo e ademais facelo de forma definitiva, de forma que non se volvan a ver ameazadas no futuro por axustes e recortes do gasto publico.



Para elo é necesario eliminar de forma definitiva o índice de revalorización, derogando a Lei 23/2013 e volver a regular por lei que o criterio para a actualización anual da contía das pensións ten que ser a variación real do IPC de cada ano. Un cambio normativo que debe ter o máximo respaldo legal para impedir a volta atrás, dándolle a norma que regula esta revalorización o máximo rango xurídico e institucional.

En base ao anterior, **En Marea** presenta a **seguinte Proposición non de Lei** para o seu debate en **Pleno**:

O Parlamento insta a Xunta de Galicia para que se dirixa ao Goberno central demandándolle que estableza de forma inmediata un mecanismo de revalorización das pensións que asegure, cando menos, que as pensións manteñan o seu poder adquisitivo, isto é, que medren cada ano o mesmo que o IPC, polo que, ademais do incremento inicial se debe recuperar a cláusula de garantía, por si a inflación ao final do ano é superior á subida inicial das pensións. Un sistema de actualización da contía das pensións que debe blindarse legalmente, dándolle o máximo rango xurídico e institucional, para evitar que ningún goberno poda volver a recortar e devaluar as pensións.

Santiago de Compostela, 4 de setembro de 2018.

Asdo.: Manuel Lago Peñas,

Carmen Santos Queiruga

Paula Vázquez Verao

Deputadas e voceira s. do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

José Manuel Lago Peñas na data 04/09/2018 13:28:44

Carmen Santos Queiruga na data 04/09/2018 13:28:57

Paula Vázquez Verao na data 04/09/2018 13:29:07

Reunión do Pleno do Parlamento
Día: 25.09.2018 Hora: 10:00
Orde do día

4.6 36056(10/PNP-002675)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bará Torres, Xosé Luís e 5 máis

Sobre as demandas que debe realizar o Goberno galego ao Goberno central en relación cos convenios asinados polo Ministerio de Fomento e Audasa nos anos 2011 e 2013, as deficiencias do servizo que presta a empresa concesionaria da AP-9 e as obras de ampliación da ponte de Rande

Publicación da iniciativa, 354, 12.09.2018

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa das deputadas e deputados **Luis Bará Torres, Montserrat Prado Cores, Ana Pontón Mondelo, Xosé Luis Rivas Cruz, Olalla Rodil Fernández e Noa Presas Bergantiños**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Pleno**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O Ministerio de Fomento vén de anunciar de maneira oficiosa dúas novas subidas de peaxes da AP-9 que se farán efectivas nos vindeiros meses e que son resultado dos convenios asinados en 2011 e 2013 polo goberno do Estado e AUDASA. No caso da suba do 1% vinculada ao convenio de 2011 consideramos que é ilegal a súa aplicación na anualidade de 2018.

Estes incrementos das peaxes, que se suman á actualización anual do IPC e a outras subas aprobadas, prexudican gravemente os intereses das persoas usuarias e favorecen descaradamente os intereses da concesionaria. Estamos diante dunha estratexia na que a concesionaria sempre sae gañando: incremento do tráfico, incremento das peaxes, redución de custos, aumento de beneficios.

Por outra parte, contemplamos con estupor como o goberno do Estado e a Xunta de Galiza son incapaces de pararlles os pés a AUDASA: nin se lle abren expedientes polos atascos, nin se lle aplican penalizacións nas compensacións,



BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO
OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/09/2018 12:11
Nº Rexistro: 36056
Data envío: 06/09/2018 12:11:43.291

nin se negocian bonificacións nin se fai auditoría do servizo. Son polo tanto gobernos cómplices da estafa das peaxes e dos abusos da concesionaria. E no caso do goberno central ademais ingresa tamén cantidades millonarias polo Imposto de Sociedades e polo IVE.

O BNG entende que a Xunta de Galiza e O Ministerio de Fomento téñenlle que poñer fin ao espolio e ao agravio continuado, que se ve acrecentado ademais con medidas de redución de peaxes noutras autoestradas de titularidade estatal. Ou coa aprobación de miles de millóns para o rescate das ruinosas autoestradas madrileñas.

Consideramos ademais que se deben revisar os convenios asinados en 2011 e 2013, así como auditar as obras da ampliación de Rande e estudar penalizacións á concesionaria pola non prestación do servizo en condicións óptimas.

Polo anteriormente exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para o debate en Pleno:

“O Parlamento galego insta á Xunta de Galiza a demandar do goberno do Estado:

1. A revisión e anulación dos convenios asinados polo Ministerio de Fomento e AUDASA en 2011 e 2013, por establecer cláusulas abusivas e claramente favorábeis aos intereses da concesionaria.



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/09/2018 12:11
Nº Rexistro: 36056
Data envío: 06/09/2018 12:11:43.291

2. A realización dunha auditoría global sobre as deficiencias do servizo que presta a concesionaria da AP 9 e sobre as obras de ampliación da ponte de Rande.

3. A apertura de expedientes informativos e sancionadores á concesionaria polas reiteradas retencións e atascos que se producen na AP 9.

4. A aplicación de formas de compensación pola non axeitada prestación do servizo nas xornadas en que se produciron retencións e polo tráfico que utiliza os novos carrís exteriores da ponte de Rande que non cumpren con estándares das autoestradas.”

Santiago de Compostela, 6 de setembro de 2018

Asdo.: Luis Bará Torres

Montserrat Prado Cores

Noa Presas Bergantiños

Olalla Rodil Fernández

Xosé Luis Rivas Cruz

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Ana Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/09/2018 12:11
Nº Rexistro: 36056
Data envío: 06/09/2018 12:11:43.291

Asinado dixitalmente por:

Xosé Luis Bará Torres na data 06/09/2018 12:08:52

María Montserrat Prado Cores na data 06/09/2018 12:08:59

Ana Pontón Mondelo na data 06/09/2018 12:09:00

Xosé Luis Rivas Cruz na data 06/09/2018 12:09:02

Olalla Rodil Fernández na data 06/09/2018 12:09:03

Noa Presas Bergantiños na data 06/09/2018 12:09:10

Reunión do Pleno do Parlamento
Día: 25.09.2018 Hora: 10:00
Orde do día

4.7 36072(10/PNP-002677)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rivas Cruz, José Luis e 5 máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa experiencia, as condicións laborais e as tarefas do persoal da empresa pública Seaga

Publicación da iniciativa, 354, 12.09.2018

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas e deputados **Xosé Luis Rivas Cruz, Luis Bará Torres, Montserrat Prado Cores, Ana Pontón Mondelo, Olalla Rodil Fernández e Noa Presas Bergantiños**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Pleno**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A empresa pública SEAGA leva sendo unha peza clave/importante no conxunto do dispositivo de prevención e extinción de Incendios Forestais dos últimos 11 anos. Oito deles con Conselleiros nomeados polo actual Presidente da Xunta.

O dispositivo de SEAGA organízase en función das necesidades marcadas pola propia Consellería do Medio Rural, actúa baixo o mesmo mando que o dispositivo de SPDCIF da Consellería e de xeito conxunto co mesmo. A estas alturas non é algo esóxeno e alleo ó mesmo.

A experiencia, profesionalidade, sacrificio e eficacia dos seus membros ten sido demostrada nas súas actuacións no combate directo contra o lume que enfrontaron en todas estas campañas pasadas.

O desperdicio de recursos económicos e humanos que suporía, para a o sector público galego, o desprenderse do capital humano no que a propia Consellería estivo investindo nos últimos anos (formación, experiencia, capacidades...), e do organizativo e estrutural que a entidade posúe.



BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO
OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galicia
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/09/2018 13:16
Nº Rexistro: 36072
Data envío: 06/09/2018 13:16:45.400

Estamos a falar da anunciada reorganización do servizo de prevención, defensa e extinción de incendios forestais a partir do 2.019 sen que por parte da dirección da empresa teña habido ningún comunicado ós traballadores que actualmente traballan neses servizos a respecto do seu futuro laboral.

Resulta irracional, e fóra de toda lóxica de xestión axeitada dos recursos públicos, prescindir do capital humano que a propia Consellería formou nestes anos a traveso de SEAGA e para o que destinou recursos públicos.

Faise de todo necesario que de xeito inmediato se habiliten as disposicións necesarias para que se modifique a normativa actual, e a experiencia destes traballadores e traballadoras sexa baremable á hora da súa inclusión nas listas de contratación da Xunta de Galiza.

De non ser feito así ímonos atopar coa situación perversa, provocada por unha decisión política, de que os traballadores que puxeron en risco as súas vidas traballando cóbado con cóbado na primeira liña de combate contra os lumes forestais, baixo o mesmo mando, de xeito coordinado polos mesmos responsables, sometidos ós mesmos riscos e ós mesmos sacrificios, a Consellería vainos a dividir en dúas castes: traballadores de primeira e de segunda, en función de quen lles fixese o contrato nesa campaña, e non do traballo que leven desempeñado na súa vida profesional. De xeito coloquial e para que se entenda ben: “se te contratou un Distrito Forestal “váleme” a túa experiencia e puntúocha nas listas, pero si te contratou SEAGA nese mesmo Distrito, e fuches ós mesmos lumes có teu compañeiro da “Xunta”, e a pesar de que compartiches día e noite con el os seus traballos e riscos, non me “vale” a túa experiencia e non cha puntúo.



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/09/2018 13:16
Nº Rexistro: 36072
Data envío: 06/09/2018 13:16:45.400

Os contratos nas brigadas municipais si que son recoñecidos e baremables, independentemente de se foron ó “lume” ou non. É dicir, se o Goberno galego non adopta as medidas oportunas para emendar esta eiva, a Conselleira estará mandando a seguinte mensaxe: só recoñezo os méritos dos traballadores que contrataron os Concellos, e dos que a Consellería contratou directamente, pero non a dos traballadores que traballaron para a Consellería a través do seu medio propio como é a empresa pública SEAGA.

En agosto asinouse o convenio entre a Xunta, a FEGAMP e máis SEAGA para o establecemento dun sistema público de xestión de biomasa nas faixas secundarias que suporá un aumento considerable da carga de traballo para a empresa, representando a ocasión propicia para aumenta-lo tempo de traballo anual para o persoal de SEAGA que actualmente presta servizos só determinados meses do ano.

Estas reivindicacións foron postas sobre da mesa a 4 de setembro polo comité de folga da sección sindical da CIG nunha convocatoria de folga indefinida a partir do 16 de setembro.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate en Pleno:

“O Parlamento galego insta á Xunta de Galiza a:

-Habilita-las disposicións necesarias para que se modifique a normativa actual, e a experiencia dos traballadores e traballadoras de SEAGA sexa baremable á hora da súa inclusión nas listas de contratación da Xunta de Galiza.

-Aplica-lo V Convenio ó persoal de SEAGA.



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galicia
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/09/2018 13:16
Nº Rexistro: 36072
Data envío: 06/09/2018 13:16:45.400

-Elimina-lo protocolo que establece tarefas de prevención e extinción no período de risco de incendios forestais.

-Que na anunciada reestruturación do SPDCIF se conte co persoal de SEAGA con experiencia no servizo de prevención, defensa e extinción de incendios forestais.

-Que no anunciado aumento da carga de traballo que se desprende do convenio asinado coa Xunta e a FEGAMP para a xestión das franxas de biomasa, se conte co persoal de SEAGA que actualmente presta servizos só determinados meses do ano aumentando o seu tempo de traballo anual.”

Santiago de Compostela, 6 de setembro de 2018

Asdo.: **Xosé Luis Rivas Cruz**

Luis Bará Torres

Montserrat Prado Cores

Noa Presas Bergantiños

Olalla Rodil Fernández

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Ana Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:



BLOQUE
NACIONALISTA
GALIGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galicia

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/09/2018 13:16
Nº Rexistro: 36072
Data envío: 06/09/2018 13:16:45.400

Xose Luis Rivas Cruz na data 06/09/2018 13:12:02

María Montserrat Prado Cores na data 06/09/2018 13:12:08

Ana Pontón Mondelo na data 06/09/2018 13:12:10

Olalla Rodil Fernández na data 06/09/2018 13:12:12

Noa Presas Bergantiños na data 06/09/2018 13:12:14

Xosé Luis Bará Torres na data 06/09/2018 13:12:16

Reunión do Pleno do Parlamento
Día: 25.09.2018 Hora: 10:00
Orde do día

4.8 36148(10/PNP-002690)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Vilán Lorenzo, Patricia e 3 máis

Sobre as medidas que debe tomar a Xunta de Galicia destinadas a elaborar un proxecto integral de coidado e atención das augas do encoro da Baxe e do río Umia, así como a convocatoria urxente de representantes da Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio, da Confederación Hidrográfica Galicia-Costa, de Augas de Galicia, dos representantes dos concellos da conca do río Umia e do Observatorio Autonómico dos Ríos de Galicia

Publicación da iniciativa, 354, 12.09.2018



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/09/2018 17:34
Nº Rexistro: 36148
Data envío: 06/09/2018 17:34:19.718



 Grupo Parlamentario

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, por iniciativa das súas deputadas e dos seus deputados **Patricia Vilán Lorenzo, Julio Torrado Quintela, Luís Manuel Álvarez Martínez e María Luisa Pierres López**, a través do seu portavoz, e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **proposición non de lei** para o seu debate en **Pleno**.

Exposición de motivos

O Goberno galego aprobou hai tempo o Decreto de creación do Observatorio Autonómico dos Ríos de Galicia, no ámbito da Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio. Segundo o propio Goberno, o Observatorio vai funcionar en Pleno e en grupos de traballo, pleno que se xuntará unha vez ao ano en sesión ordinaria, sen prexuízo doutras reunións e sesións extraordinarias cando así o acorde a Presidencia.

Aínda que creación dun Observatorio dos Ríos podería ter sido un avance na avaliación sobre a calidade ambiental dos recursos hídricos, lamentablemente a realidade non é esa. Xa dende o mes de xullo (de maneira recorrente nos veráns), o río Umia (encadrado na Confederación Hidrográfica Galicia Costa) atópase en estado de alerta por cianobacterias (microcistina) que tinguen de verde as augas do río e do encoro da Baxe, sen que o Goberno galego teña dado sinais de existencia; nin sequera se teñen achegado á zona. Este non é un problema menor, pois o río afecta, de maneira directa ao atravesar ou indirecta por ser utilizada a súa auga, a Concellos como Caldas, Cuntis, Moraña, Barro, Portas, Vilagarcía, Vilanova, Ribadumia ou Cambados. É dicir, afecta a un volume extenso de territorio e poboación que dependen dunha ou outra maneira do río Umia. A maiores, a veciñanza sufríu restricións para o baño durante o verán e é o propio Concello de Caldas o que está a asumir un alto custe económico (cun 25% de subrecuste) para que os seus veciños reciban auga de calidade.



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/09/2018 17:34
Nº Rexistro: 36148
Data envío: 06/09/2018 17:34:19.718



 **Grupo Parlamentario**

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Pleno:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia, en relación ao encoro da Baxe e ao río Umia, a que:

1. Elabore, antes de que remate o ano 2018, un proxecto integral de coidado e atención do encoro da Baxe que permita que a auga estea nas mellores condicións e que evite o sobrecuste en abastecemento que está a asumir o Concello de Caldas de Reis.
2. Encargue, antes de que remate 2018, a limpeza da canle do río Umia e do fondo do encoro da Baxe.
3. Convoque de forma urxente unha xuntanza extraordinaria de representantes da Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio, da Confederación Hidrográfica Galicia Costa, de Augas de Galicia e dos representantes de todos os concellos da conca do río Umia, aportándolles previamente toda a información necesaria para a dita xuntanza.
4. Que convoque de forma urxente unha xuntanza extraordinaria do Observatorio Autonómico dos Ríos de Galicia ante a situación de alerta do encoro da Baxe e do río Umia.
5. Convoque, á maior brevidade, unha xuntanza cos responsables locais dos concellos afectados e se comprometa a facilitar de maneira continuada a información referida ao encoro e canle do río Umia favorecendo a coordinación entre administracións.

Pazo do Parlamento, 6 de setembro de 2018

Asdo.: Patricia Vilán Lorenzo
Julio Torrado Quintela
Luís Manuel Álvarez Martínez
María Luisa Pierres López
Deputadas e deputados do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo.: Xoaquín Fernández Leiceaga
Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/09/2018 17:34
Nº Rexistro: 36148
Data envío: 06/09/2018 17:34:19.718



 **Grupo Parlamentario**

Asinado dixitalmente por:

Patricia Vilán Lorenzo na data 06/09/2018 17:32:19

Julio Torrado Quintela na data 06/09/2018 17:32:24

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 06/09/2018 17:32:29

María Luisa Pierres López na data 06/09/2018 17:32:36

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 06/09/2018 17:32:41

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Reunión do Pleno do Parlamento
Día: 25.09.2018 Hora: 10:00
Orde do día

5. Interpelacións

Reunión do Pleno do Parlamento
Día: 25.09.2018 Hora: 10:00
Orde do día

5.1 34252(10/INT-001140)

Grupo Parlamentario de En Marea

Lago Peñas, José Manuel e 2 máis

Sobre as políticas do Goberno galego para afrontar a
situación económica e social de Galicia

Publicación da iniciativa, 349, 31.08.2018

Á MESA DO PARLAMENTO

Manuel Lago Peñas, Julia Torregrosa Sañudo e Luís Villares Naveira, deputados e deputada do Grupo Parlamentar de **En Marea**, ao abeiro do disposto no artigo 147 do Regulamento da Cámara presentan a seguinte **Interpelación**, sobre como afectan os recortes aos servizos públicos do país.

O Consello Económico e Social de Galicia vén de presentar a Memoria sobre a situación económica e social de Galicia no 2017, o conxunto de datos e conclusión que arroxa este documento reflicte a confirmación da anomalía galega en termos de mercado de traballo e relacións laborais, con elementos dramáticos que necesitan dunha fonda reflexión por parte do Goberno para modificar as políticas que teñen levado ao país a esta situación.

Así cando se reflicte que o noso PIB é hoxe maior que no 2008, o reparto da riqueza é máis desigual e inxusto provocando situacións extremas que se poden converter en crónicas se non se actúa dende o ámbito político; feito que parece demostrar que a crise foi utilizada polos poderes económicos e políticos para modificar o estado social de forma brusca e despótica.

Algúns datos que reflicte a memoria demostran a inxusta situación provocada en termos sociais e de mercado laboral.

- Durante o segundo trimestre do 2017 o PIB real de Galicia supera o nivel anterior á crise, pero a ocupación media en termos de postos de traballo equivalente situouse no 2017 no 84% do emprego equivalente existente no 2008.
- A participación dos asalariados na renda do país sitúase no 42,7%, a porcentaxe máis baixa dende o comezo da serie estatística 1995. Esta situación onde a



remuneración dos asalariados reduce o seu peso relativo no PIB a un proceso de incremento da desigualdade e unha distribución pouco equitativa da riqueza.

- A participación dos salarios na renda era do 47,3% no 2008 e do 42,7% no 2017.
- A poboación activa galega é a máis reducida dende o 2005 (53%), hoxe é do 53,3%.
- As afiliacións á Seguridade Social creceron en Galicia ao respecto do 2016, acadando as 977.693 persoas, un incremento do 2,1% interanual, pero moi inferior ao incremento medio do Estado que foi do 3,5%
- No 2017 Galicia perdeu un 0.9% de afiliación no réxime de autónomos.
- Outra anomalía laboral, que demostra o debilidade e pouca firmeza no noso mercado laboral é que do 20.000 novas afiliacións 16.000 son do sector servizos. Mentres os afiliados ao sector industrial foron de 140.000 un 20% menos que no 2008.
- A poboación ocupada crece en Galicia un 1,2% fronte ao 2,3% do ano anterior, prodúcese unha clara ralentización, e 1,4 puntos menos que no resto do Estado (2,6%).
- A estratexia para o Emprego Europa 2020 identifica co obxectivo fundamental acadar unha taxa de emprego da poboación comprendida entre o 20 e os 64 anos do 75%, a media da Unión Europea dos 28 está no 2017 no 72,1%, no Estado no 65,5% e en Galicia no 64,7%.
- O 92% dos contratos asinados en Galicia no 2017 son temporais. O 35,4% destes contratos teñen duración inferior a unha semana.
- o número de persoas ocupadas a tempo completo crece en Galicia un 1,4% fronte ao 2,9% do conxunto do Estado.



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/08/2018 13:18
Nº Rexistro: 34252
Data envío: 02/08/2018 13:18:48.614



A altísima temporalidade e a rotación dos contratos impiden acadar condicións laborais dignas á clase traballadora galega.

- O paro rexistrado en Galicia no 2017, datos EPA, é de 195.600 persoas, sitúase nun 72% por riba do dato do ano 2008 (113.600). O descenso do paro rexistrado interanual foi do 9,2% fronte ao 12,6%.
- O 38,3% das persoas desempregadas rexistrados en Galicia teñen máis de 45 anos, case 75.000 no 2017, 21.100 teñen máis de 55 anos.
- o 41,1% das persoas desempregadas levan máis de dous anos na busca de emprego, fronte ao 38,4% do conxunto do Estado.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentar de **En Marea** formula a seguinte **Interpelación:**

- Ten previsto o Goberno galego mudar as súas políticas económicas para reverter esta dramática situación ?

Santiago de Compostela, 2 de agosto de 2018.

Asdo.: Manuel Lago Peñas

Julia Torregrosa Sañudo

Luís Villares Naveira

Deputados e deputada do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/08/2018 13:18
Nº Rexistro: 34252
Data envío: 02/08/2018 13:18:48.614



José Manuel Lago Peñas na data 02/08/2018 13:12:45

Julia Torregrosa Sañudo na data 02/08/2018 13:12:54

Luis Villares Naveira na data 02/08/2018 13:13:01

Reunión do Pleno do Parlamento
Día: 25.09.2018 Hora: 10:00
Orde do día

5.2 34790(10/INT-001167)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Álvarez Martínez, Luis Manuel e 2 máis

Sobre a redución da oferta educativa nos concellos

Publicación da iniciativa, 352, 05.09.2018



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 24/08/2018 11:42
Nº Rexistro: 34790
Data envío: 24/08/2018 11:42:37.456



Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Luís Manuel Álvarez Martínez, Concepción Burgo López e Abel Losada Álvarez deputados e deputada pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 147 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte interpelación.

A grave crise demográfica que sofre Galicia e que afecta fundamentalmente ao mundo rural, supón necesariamente a perda de alumnos e a conseguinte redución de unidades nos centros educativos, incluso o peche dalgún deles, o que dá lugar a situacións graves que deberan ser corrixidas á maior brevidade, posto que se trata dun asunto de país.

A redución de oferta educativa nos concellos afonda, aínda máis, no progresivo dismantelamento de servizos públicos, como xa ten denunciado en repetidas ocasións este Grupo Parlamentario.

No caso do Concello de Ponteareas, a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria ven de modificar a composición do Colexio Rural Agrupado (CRA) A Picaraña, que presta un servizo educativo fundamental nas parroquias deste Concello. Esta modificación supón:

1. A redución dunha unidade de educación infantil na escola de A Portela.
2. A supresión da escola de San Mateo de Oliveira.
3. A supresión de cinco postos de mestras e mestres de educación infantil.

As anteriores modificacións fanse nun contexto no que o Concello ten investido preto de 18.000 € en distintas tarefas de mantemento e adecuación das instalacións da escola de San Mateo de Oliveira nos últimos tres anos e ademais conta co rexeitamento unánime da corporación municipal, o que inclúe ao Partido Popular.

O anterior é consecuencia de que se sabe que, aínda que a escola de San Mateo de Oliveira non reunise para o curso próximo o mínimo esixido para o seu mantemento, si que o faría para o seguinte, co que o seu peche podería terse evitado xa que resulta de todo punto inverosímil que a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria volva a poñer en funcionamento esta escola.

O certo é que hai un aforro de cinco postos de traballo (e polo tanto cinco profesionais que deixan de formar alumnos de educación infantil no rural do Concello de Ponteareas) e un desmantelamento de servizos públicos claramente evitable (e polo tanto unha falla de compromiso político evidente).

Ante a situación exposta, os deputados e a deputada que asinan interpelan ao Goberno galego nos seguintes termos:

1. Coñece a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria a previsión de matrícula da escola de San Mateo de Oliveira, pertencente ao CRA A Picaraña de Ponteareas para o curso 2019/2020?
2. Podería manterse en funcionamento esa escola se non se aplicase exclusivamente a demanda existente para o próximo curso 2018/2019?
3. Considera coherente o goberno galego este tipo de actuacións co feito de repetir permanentemente que esta é a lexislatura do rural?

Pazo do Parlamento, 24 de agosto de 2018

Asinado dixitalmente por:

Luis Manuel Álvarez Matínez na data 24/08/2018 11:41:54

Maria de la Concepción Burgo López na data 24/08/2018 11:42:02

Abel Fermín Losada Álvarez na data 24/08/2018 11:42:12

Reunión do Pleno do Parlamento
Día: 25.09.2018 Hora: 10:00
Orde do día

5.3 36141(10/INT-001207)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Prado Cores, María Montserrat e 5 máis

Sobre a situación ambiental do río Umia

Publicación da iniciativa, 354, 12.09.2018

Á Mesa do Parlamento

Montserrat Prado Cores, Noa Presas Bergantiños, Ana Pontón Mondelo, Xosé Luis Rivas Cruz, Olalla Rodil Fernández e Luis Bará Torres, deputados e deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Interpelación**, relativa ás medidas a tomar diante da proliferación de microcistina no encoro do Umia en Caldas de Reis e a necesidade da súa demolición.

O encoro da Baxe no concello de Caldas de Reis sobre o río Umia, foi xustificado nunha utilidade pública baseada nunha demanda de auga e nunha contención das enchentes, e non serviu a ningún dos fins alegados, porque nunca foi ese o obxectivo. O obxectivo real foi o aproveitamento hidroeléctrico para negocio e beneficio dunha empresa.

O encoro non evitou ningún dos problemas e pola contra creou novos como a invasión nas augas do mesmo da alga tóxica Microcristais aeruginosa, unha cianobacteria que produce a microcistina, unha toxina difícil de detectar, de eliminar e de efectos acumulativos.

Unha gravísima toxicidade da auga que ven a ratificar que o encoro non é a solución senón o problema para o abastecemento de auga non só de Caldas, senón de toda a comarca do Salnés.

Neste verán as augas do encoro de Caldas está a sufrir, máis unha vez, a invasión desta alga, e foi determinada por parte da Consellaría de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio a “alerta por afloramento de cianobacterias” o 6 de xullo de 2018. Segundo a propia información colgada na páxina da consellaría de Medio Ambiente desde mediados de agosto había detectada presenza de microcistina en todos os puntos de mostraxe do Umia: A Baxe Presa, a Baxe cola, Segade, Rabuñade, Ponte Baión e Ponte Arnelas.

Estamos diante dun problema de saúde pública e ambiental que afecta a arredor de 150.000 persoas das comarcas de Caldas e o Salnés que se abastecen de auga para o consumo do río Umia.

A pesares desta alerta, por parte da Xunta de Galiza non se ten tomado ningunha medida de protección da poboación que consume esta auga, río abaixo, como é o caso de toda a comarca do Salnés. Pola información de que dispón o BNG ningún dos puntos de captación, nin as estacións depuradoras, dispoñen de sistemas de depuración efectivos contra esta bacteria, xa que só usan cloro e non carbono.

A Organización Mundial da Saúde advirte de que aínda con doses pequenas provoca importantes danos para a saúde, figado, sistema hepático en xeral, problemas intestinais, sistema nervioso central, condutora de procesos tumorais... Polo tanto a presenza na auga de calquera cantidade ten que ser obxecto de preocupación, máis se a concentración é en niveis tan elevados como os que se rexistran no encoro.

Non podemos dar como normal que cada verán se dea a mesma situación de risco sobor de todo despois de ter investido máis de 20 millóns de euros no Plan de xestión Integral para a bacía do río Umia “Plan Umia”, que segundo se non dixo ía dar unha solución definitiva ao problema da entrofización, ou logo de actuacións máis urxentes para evitar a proliferación anual das cianobacterias no encoro como a cortiza de eucalipto. Actuacións nefastas con derroche de fondos públicos sen que se teña resolto o máis mínimo o problema.

Polas razóns expostas formúlase a seguinte interpelación:

-Considera o Goberno galego que os graves problemas de saúde pública e ambientais que ten xerado o encoro da Baxe en Caldas de Reis ten xustificando a súa construción para beneficiar un negocio privado?



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galicia
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/09/2018 17:23
Nº Rexistro: 36141
Data envío: 06/09/2018 17:23:55.780

-Considera que está informada e protexida a poboación que se abastece de auga do Umia diante da presenza de microcistina en todos os puntos de mostraxe do Umia?

-Considera que dúas mostras ao mes son suficientes diante da presenza da alga?

-Considera que unha auga con presenza de alga, só sometida a cloración non supón ningún risco para a poboación?

-Por que a pesares de terse detectado microcistina desde xullo, non procedeu a Xunta a prohibir o baño até finais de agosto?

-Vai informar á poboación da situación na que se atopa a auga e se é preciso limitar o uso tanto para o consumo como para o baño?

-Considera preciso dotar de medidas de protección efectivas contra a microcistina, cando menos filtros de carbono, ás ETAP situadas na zona de risco (Portas, Vilagarcía, Mancomunidade Salnés...)?

-Vai proceder a dismantelar o encoro da Baxe sobre o río Umia, en Caldas de Reis, e a rescatar a concesión hidroeléctrica efectuada a unha empresa privada, xa que os expertos consideran que é a única solución á proliferación da microcistina?

Santiago de Compostela, 6 de setembro de 2018

Asdo.: **Montserrat Prado Cores**

Noa Presas Bergantiños

Luis Bará Torres

Olalla Rodil Fernández

Xosé Luis Rivas Cruz



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/09/2018 17:23
Nº Rexistro: 36141
Data envío: 06/09/2018 17:23:55.780

Ana Pontón Mondelo

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

María Montserrat Prado Cores na data 06/09/2018 17:18:40

Ana Pontón Mondelo na data 06/09/2018 17:18:45

Xose Luis Rivas Cruz na data 06/09/2018 17:18:46

Olalla Rodil Fernández na data 06/09/2018 17:18:48

Noa Presas Bergantiños na data 06/09/2018 17:18:50

Xosé Luis Bará Torres na data 06/09/2018 17:18:51

Reunión do Pleno do Parlamento
Día: 25.09.2018 Hora: 10:00
Orde do día

6. Preguntas para resposta oral do Presidente da Xunta

Reunión do Pleno do Parlamento
Día: 25.09.2018 Hora: 10:00
Orde do día

6.1 36974(10/POPX-000106)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pontón Mondelo, Ana Belén

Sobre as previsións da Xunta de Galicia respecto da
realización dalgunha actuación para frear a escalada de
prezos da electricidade e dos carburantes



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 17/09/2018 18:27
Nº Rexistro: 36974
Data envío: 17/09/2018 18:27:13.585

Á Mesa do Parlamento

Ana Pontón Mondelo, portavoz do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no artigo 152.2 do Regulamento da Cámara e das normas supletorias do 17 de marzo de 2015, formula a seguinte **PREGUNTA** dirixida ao **Presidente do Goberno**, para a súa resposta **oral** en **Pleno**.

PREGUNTA AO PRESIDENTE:

Vai a Xunta de Galiza actuar para frear a escalada de prezos da electricidade e dos carburantes?

Santiago de Compostela, 17 de setembro de 2018

Asdo.: **Ana Pontón Mondelo**

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Ana Pontón Mondelo na data 17/09/2018 18:21:57

Reunión do Pleno do Parlamento
Día: 25.09.2018 Hora: 10:00
Orde do día

- 6.2 36975(10/POPX-000107)
- Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
- Fernández Leiceaga, Xoaquín María
- Sobre o restablecemento da situación na CRTVG



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 17/09/2018 18:27
Nº Rexistro: 36975
Data envío: 17/09/2018 18:27:22.323



 Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Xoaquín Fernández Leiceaga, portavoz do **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152.2, presenta ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral en Pleno**, dirixida ao **Sr. presidente da Xunta de Galicia**.

Sr. presidente, como ten previsto restablecer a situación na CRTVG?

Pazo do Parlamento, 17 de setembro de 2018

Asdo.: Xoaquín Fernández Leiceaga
Portavoz G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 17/09/2018 15:58:12

Reunión do Pleno do Parlamento
Día: 25.09.2018 Hora: 10:00
Orde do día

- 6.3 36976(10/POPX-000108)
Grupo Parlamentario de En Marea
Villares Naveira, Luis
Sobre a forma da acción de goberno da Xunta de Galicia

Á MESA DO PARLAMENTO

Luís Villares Naveira, Voceiro do **Grupo Parlamentario de En Marea**, ao abeiro do disposto no artigo 152.2 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **PREGUNTA**, para a súa resposta **oral en Pleno**, dirixida ao **Presidente da Xunta de Galicia**.

Sr. Presidente, pretende continuar coa manipulación como forma habitual da súa acción de goberno?

Santiago de Compostela, 17 de setembro de 2018.

Asdo.: Luís Villares Naveira

Voceiro do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

Luis Villares Naveira na data 17/09/2018 18:03:47

Reunión do Pleno do Parlamento
Día: 25.09.2018 Hora: 10:00
Orde do día

7. Preguntas ao Goberno

Reunión do Pleno do Parlamento
Día: 25.09.2018 Hora: 10:00
Orde do día

7.1 36955(10/PUP-000193)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Álvarez Martínez, Luis Manuel e 3 máis

Sobre a repercusión temporal que supón, no remate das actuacións anunciadas no barrio da Residencia, na cidade de Lugo, a decisión da Xunta de Galicia de deixar sen efecto os acordos referidos á retrocesión do pavillón xeral e do edificio da Escola de Enfermería do complexo do vello Hospital xeral



Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Luís Manuel Álvarez Martínez, Matilde Begoña Rodríguez Rumbo, Abel Fermín Losada Álvarez e María Concepción Burgo López, deputados e deputadas pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 155.5 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta urxente para a súa resposta oral en Pleno.

Xustificación da urxencia. A urxencia vén motivada polo conflito social xerado na cidade de Lugo pola incerteza e indefinición en canto aos usos do edificio do Vello Xeral.

O día 19 de setembro de 2017 e coincidindo coa presentación pública do plan integral denominado A Nova Residencia, o presidente da Xunta e a entón ministra de Emprego e Seguridade Social, Fátima Báñez, asinaron un protocolo para a reasignación de usos do complexo do Vello Xeral, no que se establecía que a Xunta debería tramitar para iso un expediente de retrocesión patrimonial a favor da Tesourería Xeral da Seguridade Social (TXSS) do edificio do pavillón xeral e fixaba un mes como prazo máximo para efectuar a devandita tramitación.

Pese a que o protocolo establecía un prazo máximo dun mes para efectuar a retrocesión, a Xunta de Galicia tardou seis meses en adoptar o primeiro acordo ao respecto. En concreto, aproba no Consello da Xunta do 25 de xaneiro deste ano autorizar a retrocesión á Tesourería Xeral da Seguridade Social do pavillón xeral.

Por outra banda, o Consello da Xunta de Galicia celebrado o día 8 de marzo de 2018 acorda autorizar a retrocesión do edificio da Escola de Enfermería.

O día 31 de maio de 2018 o Consello da Xunta de Galicia acorda deixar sen efecto os dous acordos de retrocesión anteriores, feito que é conscientemente ocultado na información que se facilita sobre os asuntos tratados.

Todo apunta a que sen eses trámites, sen esta ampliación dos usos do complexo do Xeral, a Xunta de Galicia non pode acometer as partes do proxecto da Residencia de uso non sanitario, é dicir, non pode facer nin a oficina de emprego, nin a planta de distribución de enerxía de biomasa, nin o centro de emprendemento aeronáutico, nin tampouco sería posible a comisaría que comprometeu alí o PP, xa que así o determina o Real decreto 1679/1990 a través do que o Estado lle cede á Xunta o Vello Xeral, segundo o que os fins do complexo só poden ser sanitarios.

 **Grupo Parlamentario**

Por iso os deputados e as deputadas que asinan preguntan:

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Que modificación temporal supoñen estes feitos no remate das actuacións anunciadas por parte do propio presidente da Xunta de Galicia?

Pazo do Parlamento, 17 de setembro de 2018

Asinado dixitalmente por:

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 17/09/2018 16:39:01

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 17/09/2018 16:39:08

Abel Fermín Losada Álvarez na data 17/09/2018 16:39:12

Maria de la Concepción Burgo López na data 17/09/2018 16:39:21

Reunión do Pleno do Parlamento
Día: 25.09.2018 Hora: 10:00
Orde do día

7.2 33580(10/POP-003887)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Fernández Prado, Martín e 14 máis

Sobre o desenvolvemento das estacións intermodais nas
principais cidades galegas

Publicación da iniciativa, 342, 27.07.2018



GRUPO PARLAMENTARIO
POPULAR DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/07/2018 10:56
Nº Rexistro: 33580
Data envío: 18/07/2018 10:56:29.593

Á Mesa do Parlamento

Martín Fernández Prado, Jaime Castiñeira Broz, Gonzalo Trénor López, Cristina Romero Fernández, Teresa Egerique Mosquera, Marián García Míguez, María Antón Vilasánchez, Paula Prado del Río, Jacobo Moreira Ferro, Guadalupe Murillo Solís, Miguel Tellado Filgueira, Marta Novoa Iglesias, Daniel Luís Varela Suanzes-Carpegna, Diego Calvo Pouso e M^a Julia Rodríguez Barreira, deputados e deputadas do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral en Pleno**.

O Goberno galego está a apostar pola intermodalidade entre os distintos modos de transporte e leva anos traballando neste sentido, coordinando as actuacións necesarias para acadar esa intermodalidade nas principais cidades galegas, algo para o que ten conseguido o financiamento comunitario.

No Grupo Parlamentario Popular, ao igual que o Goberno da Xunta de Galicia, sabemos que os medios de transporte non deben basearse en competir, deben complementarse entre si. Neste marco, un dos pasos que Galicia debe abordar para garantir uns transportes públicos de calidade é a conexión sinxela entre os diferentes modos de transporte. E, para iso, é necesaria a execución das estacións intermodais nas distintas cidades galegas.

Desde a Xunta estase a avanzar con determinación neste eido e, como puidemos ver recentemente, xa ten iniciado as obras da terminal de autobuses integrada na estación intermodal de Santiago de Compostela.

Tamén coñecemos que hai avances importantes no camiño de garantir a intermodalidade en Ourense, en Vigo ou en Pontevedra. No caso da cidade da Coruña os diversos cambios de criterio do Concello nos últimos meses obrigan a redefinir gran parte do traballo feito pola Xunta, demorando o desenvolvendo da intermodal da cidade. E o Goberno galego tamén está avanzando na tramitación administrativa necesaria no caso dos proxectos de intermodalidade no transporte en Lugo e en Ferrol.

Tendo en conta que as intermodais son proxectos estratéxicos para o futuro das nosas cidades e que o seu desenvolvemento require dun esforzo colectivo entre as distintas administracións implicadas, os deputados asinantes formulan a seguinte pregunta en Pleno:

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com



GRUPO PARLAMENTARIO
POPULAR DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/07/2018 10:56
Nº Rexistro: 33580
Data envío: 18/07/2018 10:56:29.593

Cal é o balance e as previsións que manexa a Xunta para o desenvolvemento das estacións intermodais nas principais cidades galegas?

Santiago de Compostela, 18 de xullo de 2018

Asinado dixitalmente por:

Martín Fernández Prado na data 18/07/2018 10:48:14

Jaime Castiñeira Broz na data 18/07/2018 10:48:26

Gonzalo Trenor López na data 18/07/2018 10:48:32

Cristina Isabel Romero Fernández na data 18/07/2018 10:48:40

Teresa Egerique Mosquera na data 18/07/2018 10:48:47

María Ángeles García Míguez na data 18/07/2018 10:48:58

Maria Antón Vilasánchez na data 18/07/2018 10:49:04

Paula Prado Del Río na data 18/07/2018 10:49:10

Jacobo Moreira Ferro na data 18/07/2018 10:49:19

María Guadalupe Murillo Solís na data 18/07/2018 10:49:31

Miguel Ángel Tellado Filgueira na data 18/07/2018 10:49:40

Marta Novoa Iglesias na data 18/07/2018 10:49:46

Daniel Luis Varela Suanzes-Carpegna na data 18/07/2018 10:49:55

Diego Calvo Pouso na data 18/07/2018 10:50:03

María Julia Rodríguez Barreira na data 18/07/2018 10:50:18

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdeg Galicia.com

Reunión do Pleno do Parlamento
Día: 25.09.2018 Hora: 10:00
Orde do día

7.3 35397(10/POP-004157)

Grupo Parlamentario de En Marea

Cal Ogando, Marcos e Sánchez García, Antón

Sobre as actuacións levadas a cabo pola Xunta de Galicia para
evitar as retencións que se veñen producindo na AP-9

Publicación da iniciativa, 352, 05.09.2018

Á MESA DO PARLAMENTO

Marcos Cal Ogando e Antón Sánchez García, deputados do Grupo Parlamentar de **En Marea**, ao abeiro do disposto no artigo 156 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral en Pleno**.

A Valedora do Pobo volveu reclamar que Audasa levante as barreiras das peaxes cando se produzan embotellamentos. Xa o fixera na primavera, pero a concesionaria non se molestou nin sequera en contestar. Os argumentos que esgrime nesta ocasión a Valedora son os mesmos que xa expuxo a última vez, e que mesmo Feijóo considerou razoables: cando o servizo das autopistas non é o que lles corresponde, iso ten que afectar aos pagos que fan os condutores e condutoras.

A situación de colapso permanente non é nova. Dende que o 31 de decembro o Ministerio de Fomento inaugurou unha ampliación da ponte de Rande que obviamente non estaba rematada, estanse a producir atascos interminables. Ademais de pola Valedora, a situación foi denunciada polos concellos afectados (Vigo, Redondela, Cangas e Moaña), así como pola Cámara de Comercio e a Confederación de Empresarios, que fixeron fincapé nos prexuízos tremendos que está tendo no tecido económico e empresarial a pésima xestión da concesionaria.

Facéndose eco do anterior, a Fiscalía de Pontevedra decidiu abrir dilixencias para investigar os continuos colapsos que sofre a AP-9 por mor das obras de ampliación na ponte de Rande e nos enlaces de Cangas e Teis, executadas por Audasa. A investigación podería culminar cunha Acción Colectiva de Cesación por parte da Fiscalía de Pontevedra co obxecto de solicitar á empresa concesionaria a indemnización ou restitución aos usuarios afectados polas cantidades aboadas durante os atascos.



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/08/2018 11:58
Nº Rexistro: 35397
Data envío: 30/08/2018 11:58:36.178



Trala toma de posición dos concellos, dos empresarios, dos transportistas, dos condutores e condutoras, da Valedora do Pobo e da Fiscalía, incluso o Presidente da Xunta se pronunciou ao respecto. Cómpre dicir que non foi sen tempo. Así, Núñez Feijóo manifestouse a favor de que as retencións repercutisen na tarifa, facendo súa a argumentación dos axentes mencionados.

Como nos ten acostumados, as declaracións de Feijóo arrastraron un poso de hipocrísia e oportunismo que é moi difícil ignorar, xa que o Goberno da Xunta forma parte da comisión da AP-9 que creou Fomento. O lugar para defender a eliminación das peaxes era esa comisión, pero ou ben o Partido Popular non o fixo, ou ben o fixo, pero carece da capacidade política para facerse valer ante Audasa.

Por todo o exposto, os deputados asinantes presentan a seguinte pregunta para a súa resposta oral en Pleno:

- Que fixo ata o de agora a Xunta de Galicia para mudar a pésima xestión de Audasa que a Valedora e outros actores levan tempo denunciado?

Santiago de Compostela, 30 de agosto de 2018.

Asdo.: Marcos Cal Ogando

Antón Sánchez García

Deputados do G.P. de En Marea.



Asinado dixitalmente por:

Marcos Cal Ogando na data 30/08/2018 11:50:41

Antón Sánchez García na data 30/08/2018 11:50:48



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/08/2018 11:58
Nº Rexistro: 35397
Data envío: 30/08/2018 11:58:36.178

Reunión do Pleno do Parlamento
Día: 25.09.2018 Hora: 10:00
Orde do día

7.4 35802(10/POP-004224)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rodil Fernández, Olalla e 5 máis

Sobre as actuacións previstas polo Goberno galego para garantir o mantemento dos postos de traballo da fábrica de Sargadelos, en Cervo, así como o futuro da empresa

Publicación da iniciativa, 355, 13.09.2018

Á Mesa do Parlamento

Olalla Rodil Fernández, Luis Bará Torres, Ana Pontón Mondelo, Xosé Luis Rivas Cruz, Montserrat Prado Cores e Noa Presas Bergantiños, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**, sobre o despedimento de traballadoras e traballadores da fábrica de Sargadelos en Cervo (A Mariña) e o futuro desta empresa emblema da cultura galega.

A empresa Sargadelos é máis que un centro de traballo, é un emblema da cultura galega. A factoría de Cervo, na comarca da Mariña, foi fundada en 1805 por Antonio Raimundo Ibáñez con quen comezou a produción de louza nesta localidade mariñá, mais foi da man de Isaac Díaz Pardo e Luís Seoane cando se converteu en máis que unha fábrica de cerámica para ser espazo de creación artística e rexurdir cultural do país após a ditadura fascista.

Nos últimos anos a empresa estivo ás portas da quebra, atravesou un longo concurso de acredores e o cadro de persoal viuse atinxido por un Expediente de Regulación de Emprego (ERE) imposto pola dirección, co visto e prace da Xunta de Galiza, que sería declarado nun polo TSXG en xaneiro de 2018.

Nas últimas semanas o propietario da entidade, Segismundo García, anunciou o despedimento de 49 persoas como represalia contra unha traballadora



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 03/09/2018 18:26
Nº Rexistro: 35802
Data envío: 03/09/2018 18:26:01.485

e representante sindical. Dos despedimentos anunciados, a comezos do mes de setembro oficializáronse vinte e dous.

A actitude do administrador de Sargadelos pon en risco a viabilidade da produción e da propia factoría, cuxo edificio foi catalogado como Ben de Interese Cultural (BIC) a través do Decreto 171/2014, do 26 de decembro; e con ela o futuro dun dos símbolos culturais de Galiza.

Por todo isto formúlase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Que pensa facer a Xunta de Galiza para garantir os postos de traballo da fábrica de Sargadelos en Cervo e o futuro da propia empresa?

Santiago de Compostela, 3 de setembro de 2018

Asdo.: Olalla Rodil Fernández

Montserrat Prado Cores

Noa Presas Bergantiños

Xosé Luis Rivas Cruz

Luis Bará Torres

Ana Pontón Mondelo

Deputadas e deputados do G.P. do BNG



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 03/09/2018 18:26
Nº Rexistro: 35802
Data envío: 03/09/2018 18:26:01.485

Asinado dixitalmente por:

Olalla Rodil Fernández na data 03/09/2018 18:25:05

María Montserrat Prado Cores na data 03/09/2018 18:25:10

Ana Pontón Mondelo na data 03/09/2018 18:25:11

Xose Luis Rivas Cruz na data 03/09/2018 18:25:13

Noa Presas Bergantiños na data 03/09/2018 18:25:14

Xosé Luis Bará Torres na data 03/09/2018 18:25:15

Reunión do Pleno do Parlamento
Día: 25.09.2018 Hora: 10:00
Orde do día

7.5 36853(10/PUP-000190)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Nóvoa Iglesias, Marta e 8 máis

Sobre a postura da Xunta de Galicia diante do anuncio de rescisión do contrato de subministración de enerxía eléctrica por parte de Naturgy á industria galega



GRUPO PARLAMENTARIO
POPULAR DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/09/2018 17:01
Nº Rexistro: 36853
Data envío: 14/09/2018 17:01:05.957

Á Mesa do Parlamento

Marta Nóvoa Iglesias, Teresa Egerique Mosquera, Marián García Míguez, Moisés Rodríguez Pérez, Moisés Blanco Paradelo, María Antón Vilasánchez, Cristina Isabel Romero Fernández, Sandra Vázquez Domínguez e Miguel Tellado Filgueira, deputados pertencentes ao Grupo Parlamentario Popular, ao abeiro do disposto no artigo 155.5 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte Pregunta Oral Urxente en Pleno.

Xustificación da urxencia.

A urxencia ven motivada pola necesidade de que o Goberno Galego explique canto antes a súa posición sobre un tema de gran interese na nosa Comunidade Autónoma.

Exposición de Motivos:

No día de onte recolleuse na prensa a noticia de que Naturgy ten comunicado ás empresas integradas no Clúster de Empresas de Automoción de Galicia (CEAGA) a decisión de rescindir os contratos que teñen vixentes a prezo fixo a través dun servizo de negociación agrupada de electricidade que esta asociación ven realizando desde 2003, así como a outras empresas presentes na nosa comunidade.

De confirmarse esta información, o certo é que esta actuación ocasionaría un impacto sobre un sector estratéxico para a economía e o emprego de Galicia, que motiva a preocupación deste grupo parlamentario, en tanto que a factura enerxética xoga un papel clave na competitividade da industria.

Cómpre ter presente que, no caso da automoción, o CEAGA agrupa a máis de 100 empresas de compoñentes do sector da automoción, pequenas e medianas empresas, ademais do Centro Tecnolóxico de Automoción de Galicia (CTAG), que xeran máis de 20.000 empregos directos, que representan o 12% do emprego industrial da nosa

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com



GRUPO PARLAMENTARIO
POPULAR DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/09/2018 17:01
Nº Rexistro: 36853
Data envío: 14/09/2018 17:01:05.957

comunidade, xerando ademais una facturación que se achega aos 8.700 millóns de euros.

Por todo o exposto, os deputados e deputadas asinantes formulan a seguinte Pregunta Oral en Pleno:

Cal é a postura do Goberno galego ante o anuncio de rescisión do contrato de subministración de enerxía eléctrica por parte de Naturgy á industria galega?

Santiago de Compostela a 14 de setembro de 2018.

Asinado dixitalmente por:

Marta Novoa Iglesias na data 14/09/2018 16:56:41

Teresa Egerique Mosquera na data 14/09/2018 16:56:52

María Ángeles García Míguez na data 14/09/2018 16:57:20

Moisés Rodríguez Pérez na data 14/09/2018 16:57:27

Moisés Blanco Paradelo na data 14/09/2018 16:57:35

Maria Antón Vilasánchez na data 14/09/2018 16:57:43

Cristina Isabel Romero Fernández na data 14/09/2018 16:58:06

Sandra Vázquez Domínguez na data 14/09/2018 16:58:13

Miguel Ángel Tellado Filgueira na data 14/09/2018 16:58:32

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

Reunión do Pleno do Parlamento
Día: 25.09.2018 Hora: 10:00
Orde do día

7.6 36962(10/PUP-000191)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rodil Fernández, Olalla e 5 máis

Sobre as previsións da Xunta de Galicia respecto da dotación dos recursos necesarios ao IES de Brión e ao CEIP Padre Feijoo de Allariz

Á Mesa do Parlamento

Olalla Rodil Fernández, Xosé Luis Rivas Cruz, Montserrat Prado Cores, Noa Presas Bergantiños, Luis Bará Torres e Ana Pontón Mondelo, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no artigo 155.5 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**, polo trámite **de urxencia**, sobre o inicio do curso escolar 2018/2019 e as demandas da comunidade educativa no IES de Brión e o CEIP Padre Feijoo de Allariz.

Xustificación da urxencia

A urxencia vén motivada polas mobilizacións da comunidade educativa no inicio de curso, especialmente no IES de Brión e o CEIP Padre Feijoo de Allariz.

Exposición de motivos

O curso académico 2018/2019 iniciou con mobilizacións nalgúns centros de ensino público de Galiza.

A falta de profesorado suficiente, os recortes de persoal ou a desatención por parte da Xunta das demandas da comunidade educativa que exige máis recursos para garantir un ensino de calidade están detrás, por exemplo, das mobilizacións iniciadas polas equipas directivas, o persoal docente e as familias no IES de Brión, no CEIP Padre Feijoo de Allariz ou nos centros de ensino de Moaña.



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 17/09/2018 17:06
Nº Rexistro: 36962
Data envío: 17/09/2018 17:06:51.251

Feitos que rachan e contrastan coa visión idílica que pretende trasladar a Consellaría de Educación e que poñen no foco as carencias que existen no ensino público galego por mor dos recortes implementados desde 2009.

Por estes motivos, o Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego, a través dos deputados e deputadas asinantes, formula a seguinte pregunta para a súa resposta oral ante o Pleno, polo trámite de urxencia:

Pensa a Xunta de Galiza dotar dos recursos necesarios o IES de Brión e o CEIP Padre Feijoo de Allariz?

Santiago de Compostela, 17 de setembro de 2018

Asdo.: **Olalla Rodil Fernández**

Luis Bará Torres

Xosé Luis Rivas Cruz

Montserrat Prado Cores

Ana Pontón Mondelo

Noa Presas Bergantiños

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 17/09/2018 17:06
Nº Rexistro: 36962
Data envío: 17/09/2018 17:06:51.251

Olalla Rodil Fernández na data 17/09/2018 17:06:23

María Montserrat Prado Cores na data 17/09/2018 17:06:28

Ana Pontón Mondelo na data 17/09/2018 17:06:30

Xose Luis Rivas Cruz na data 17/09/2018 17:06:31

Noa Presas Bergantiños na data 17/09/2018 17:06:32

Xosé Luis Bará Torres na data 17/09/2018 17:06:34

Reunión do Pleno do Parlamento
Día: 25.09.2018 Hora: 10:00
Orde do día

7.7 36969(10/PUP-000192)

Grupo Parlamentario de En Marea

Villares Naveira, Luis e 12 máis

Sobre as actuacións previstas pola consellaría para cubrir as necesidades de persoal docente e de infraestruturas no curso escolar 2018-2019

Á MESA DO PARLAMENTO

Luís Villares Naveira, Manuel Lago Peñas, Antón Sanchez García, Carmen Santos Queiruga, Flora Miranda Pena, Marcos Cal Ogando, Pancho Casal Vidal, Luca Chao Perez, Anxeles Cuña Bóveda, Julia Torregrosa Sañudo, Paula Quinteiro Araujo, Davide Rodríguez Estévez, Eva Solla Fernández e Paula Vazquez Verao, deputadas e deputados pertencentes ao **Grupo Parlamentario de En Marea**, ao abeiro disposto no artigo 155.5 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **PREGUNTA** para a súa resposta **oral en Pleno, con carácter urxente**, relativa ao comezo do curso escolar.

Xustificación da Urxencia.

A pesar da propaganda do goberno, un ano máis o inicio do curso escolar en Galicia vese salpicado polos incumprimentos da Xunta. Incumprimentos no tocante a infraestruturas, con obras sen rematar, unidades pechadas, menos docentes, en definitiva, recortes. Recortes, por suposto, na calidade da educación que reciben as nenas e nenos de Galicia que, este ano, terán que agardar para que as prazas de mestres baleiras sexan cubertas.

Así, tal e como denuncian sindicatos do ensino galegos, en base a criterios de aforro económico, as baixas do persoal docente non se fixeron efectivos os chamamentos ata o día 12 de setembro. Deste xeito o persoal chega sen tempo ningún para a preparación do curso, nin para coñecer as necesidades do alumnado, nin para coordinarse co resto de cadro de persoal.

Os representantes dos educadores denuncian que no entorno dun 11% do persoal interino que tivo nomeamento durante o curso pasado perderá o seu posto de



traballo ou verá empeoradas as condicións laborais logo de que a Consellería convocara oposicións sen facer un estudio serio sobre a previsión de xubilacións e a situación deste colectivo en cada especialidade. A todo isto podemos sumar os problemas coñecidos en diversos centros como o de Brión ou Carril polos incumprimentos da consellería.

Por todo o anteriormente sinalado, o Grupo Parlamentario de En Marea formula a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral en Pleno, con carácter Urxente:**

Que vai facer a Consellería para cubrir as necesidades, tanto de docentes como de infraestruturas, neste novo curso escolar.

Santiago de Compostela, 17 de setembro de 2018.

Asinado dixitalmente por:

Luis Villares Naveira na data 17/09/2018 17:48:24

Luca Chao Pérez na data 17/09/2018 17:48:38

María de los Ángeles Cuña Bóveda na data 17/09/2018 17:48:45

Paula Vázquez Verao na data 17/09/2018 17:48:52

Carmen Santos Queiruga na data 17/09/2018 17:48:55

Antón Sánchez García na data 17/09/2018 17:48:58

Eva Solla Fernández na data 17/09/2018 17:49:01



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 17/09/2018 17:50
Nº Rexistro: 36969
Data envío: 17/09/2018 17:50:31.833

Paula Quinteiro Araújo na data 17/09/2018 17:49:04

Flora María Miranda Pena na data 17/09/2018 17:49:07

José Manuel Lago Peñas na data 17/09/2018 17:49:20

Francisco Casal Vidal na data 17/09/2018 17:49:29

David Rodríguez Estévez na data 17/09/2018 17:49:32

Marcos Cal Ogando na data 17/09/2018 17:49:34

Julia Torregrosa Sañudo na data 17/09/2018 17:49:37

Reunión do Pleno do Parlamento
Día: 25.09.2018 Hora: 10:00
Orde do día

7.8 34222(10/POP-004036)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Blanco Rodríguez, Noela e 2 máis

Sobre a ampliación do servizo de hemodinámica do Complexo Hospitalario Universitario de Ourense para que o servizo se preste as 24 horas

Publicación da iniciativa, 349, 31.08.2018



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/08/2018 10:13
Nº Rexistro: 34222
Data envío: 02/08/2018 10:13:00.260



 Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Noela Blanco Rodríguez, Raúl Fernández Fernández e Julio Torrado Quintela, deputada e deputados pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Pleno**.

Segundo os datos do INE de 2016, Ourense lidera en Galicia a taxa de mortalidade por infarto de miocardio por cada 100.000 habitantes, cunha porcentaxe do 59,7. Ademais, esta cifra sitúa á provincia 27 puntos por riba da media estatal. Na actualidade o servizo de hemodinámica do Complexo Hospitalario Universitario de Ourense soamente está dispoñible en horario de 8:00 a 15:00 horas de luns a venres, o que provoca centos de traslados ao complexo hospitalario de Vigo, o centro de referencia cando o servizo non está activo.

Nos infartos é fundamental unha atención inmediata e os traslados provocan o aumento do tempo de agarda e a redución das posibilidades de supervivencia. En Ourense, de media, tardan por exemplo 1 hora máis na apertura da arteria causante do infarto que en Santiago de Compostela, o que supón dende o punto de vista do grupo socialista unha vulneración dos principios de equidade e seguridade dos e das pacientes.

Por todo o exposto, a deputada e os deputados que asinan formulan a seguinte pregunta para o seu debate en Pleno:

Considera necesario a Xunta de Galicia ampliar o servizo de hemodinámica do Complexo Hospitalario Universitario de Ourense para que o servizo se preste as 24 horas?

Pazo do Parlamento, 2 de agosto de 2018

Asdo.: Noela Blanco Rodríguez
Raúl Fernández Fernández
Julio Torrado Quintela



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/08/2018 10:13
Nº Rexistro: 34222
Data envío: 02/08/2018 10:13:00.260



 **Grupo Parlamentario**

Deputada e deputados do G.P. dos Socialistas de Galicia

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Noela Blanco Rodríguez na data 02/08/2018 10:07:24

Raúl Fernández Fernández na data 02/08/2018 10:07:29

Julio Torrado Quintela na data 02/08/2018 10:07:33

Reunión do Pleno do Parlamento
Día: 25.09.2018 Hora: 10:00
Orde do día

7.9 36127(10/POP-004280)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Torrado Quintela, Julio e 2 máis

Sobre as razóns do Goberno galego para anunciar a candidatura de Galicia para o acollemento do Laboratorio Europeo de Control Bacteriolóxico de Bivalvos despois da votación no seo da Unión Europea que negaba esa posibilidade

Publicación da iniciativa, 355, 13.09.2018



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/09/2018 16:49
Nº Rexistro: 36127
Data envío: 06/09/2018 16:49:10.343



 Grupo Parlamentario

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Á Mesa do Parlamento

Julio Torrado Quintela, María Dolores Toja Suárez e Patricia Otero Rodríguez, deputado e deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa **resposta oral** en **Pleno**.

A posibilidade perdida de acoller o Laboratorio Europeo de Control Bacteriolóxico de Bivalvos supuxo un episodio de errática xestión por parte da Xunta de Galicia, por incapacidade para xestionar o que tería sido unha oportunidade de referenciar aínda máis a potencialidade galega sobre a investigación e a súa posición predominante sobre bivalvos e produción marisqueira.

Non entanto, a Xunta de Galicia amosou unha nefasta xestión do procedemento, anunciando unha candidatura que nunca se produciu realmente, e pretendendo realizar en base a estes anuncios unha campaña de autobombo publicitario que resultou estar baseada en falsidades, incongruencias e a real inexistencia deste procedemento.

Nas diversas ocasións que no Parlamento de Galicia ten sido tratada esta cuestión, non a petición do Grupo Popular ou da Xunta de Galicia senón por obriga, as respostas e explicacións ofrecidas teñen sido diversas, confusas e practicamente aleatorias. De inicio non ten existido recoñecemento de erros, imprecisións ou equívocos no proceso, e so nas últimas explicacións e posicións defendidas polo Goberno da Xunta de Galicia ou polo Grupo Popular ten ofrecido, de maneira tanxencial, algunha argumentación que recoñece que non se fixo o procedemento debidamente, caendo en incongruencias e inconsistencias.

Nos últimos casos, a Xunta de Galicia anunciou estar traballando en conquistar que se revertera a situación resolta no seo da UE, que contou co voto a favor dos representantes do anterior Goberno Central e que estaba en contra do anunciado pola Xunta de Galicia. A pesares deste anuncio, o responsable do Comité Europeo que resolveu e debateu sobre esta cuestión vén de anunciar que non existen esas intencións e non se está a realizar ningún procedemento formalmente nesa liña.



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/09/2018 16:49
Nº Rexistro: 36127
Data envío: 06/09/2018 16:49:10.343



Grupo Parlamentario

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Unha nova incongruencia e unha nova fuxida cara adiante que non parece minimamente seria.

Debido ás últimas informacións proporcionadas dende a Unión Europea, e con fin de resolver cales foron os procesos realizados e poder saber por que a Xunta de Galicia, co presidente da Xunta de Galicia á cabeza, anunciaron e promulgaron un procedemento e unha candidatura que nunca existiu, semella necesario clarificar con realidade o ocorrido e resolver a situación para que non se volva a dar e poder estar en condicións de aspirar a novas oportunidades futuras sen que a imaxe de Galicia se vexa danada pola súa ineficiencia, como ten pasado coa xestión deste caso preciso.

Por todo o exposto, o deputado e as deputadas que asinan formulan a seguinte pregunta para o seu debate en Pleno:

Por que o presidente da Xunta de Galicia anunciou unha candidatura ao laboratorio europeo de control bacteriolóxico de bivalvos cando xa tiña pasado unha votación no seo da UE que negaba esa posibilidade?

Pazo do Parlamento, 6 de setembro de 2018

Asdo.: Julio Torrado Quintela
María Dolores Toja Suárez
Patricia Otero Rodríguez
Deputadas e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Julio Torrado Quintela na data 06/09/2018 16:43:33

María Dolores Toja Suárez na data 06/09/2018 16:43:54

Patricia Otero Rodríguez na data 06/09/2018 16:44:00